


# A CERAMISTA ELENA COLMEIRO

FONTE: *GALICIA EMIGRANTE (1954-1971)*  
*ESCOLMA DE TEXTOS*  
*DA AUDIÇÃO RADIAL DE LUÍS SEOANE*  
(p. 105-106)

VERSIÓN GALEGA E EDICIÓN DE  
LINO BRAXE E XAVIER SEOANE

Edicións do Castro  
1994



## A CERAMISTA ELENA COLMEIRO

Ven de celebrar unha exposición de cerámicas nunha galería madrileña a notábel ceramista galega Elena Colmeiro, formada na Escola Nacional de Cerámicas de Buenos Aires e dirixida nas suas primeiras experiencias polo Director desa Escola Don Fernando Arranz. Aquí, en Buenos Aires, celebráron-se tamén as suas primeiras exposicións antes de continuar traballando na sua artesanía en Galicia e en Madrid. Desde aquela, coas primeiras exposicións nesta capital con influéncia do seu mestre e da temática da nova pintura galega, da que o seu pai é un dos artistas indiscutíbeis, até esta exposición de Madrid, médan bastantes anos e novas experiencias ensaiadas por Elena Colmeiro. O seu afán de síntese na decoración, a sua procura de novas formas para o modelado, levaron-na, como di nunha carta privada un amigo, cara o informalismo, esta tendéncia anárquica e egocéntrica surxida do expresionismo que se avén bastante ben co temperamento individualista e lírico galego e que ten como líder en Galicia ao xoven pintor Reimundo Patiño, criador, ou un dos criadores, do grupo coruñés “A Gadaña”. De Elena Colmeiro existen exemplos de cerámica aplicada á decoración en comércios de A Coruña e de Vigo, onde a xoven artista amostrou as suas dotes nun xénero difícil, cultivado nos últimos tempos en Galicia, abandonado a artesáns sen xénio criador en intuición artística.

De aquelas figuras entrelazadas e columnas que lembraban momentos notábeis do románico galego ou desas outras mulleres campesiñas sabiamente sintetizadas, tamén dentro desa tradición románica e popular, até esta exposición madrileña, o talento de Elena Colmeiro ven madurecendo. Hoxe conta entre os ceramistas máis importantes da península seguindo o seu camiño propio, audaz, sen compromiso, como

non estén establecidos coa propia conciencia de artista e a necesidade de expresión.

Cando en Galicia se ven premiando unha arte comercial, pois non outra cousa é xa, desde hai case un século, a arte académica, indiferentes os xurados ao porvir e realidade da arte do mundo actual, cando na prensa galega se sementa o desconcerto entre o público por xornalistas ignorantes de asuntos de arte, sobre as novas escolas en vixencia en todas partes, os xoves artistas galegos veñen amostrando o seu talento en Madrid ou outras cidades da península. Entre eles ocupa un lugar destacado Elena Colmeiro. Que ninguén queira atopar na súa obra formas consabidas e a decoración ao gusto dos bazares. O seu labor é un labor de artista e de criadora e a súa galeguidade surxe da intimidade mesma da súa expresión. (22-I-61).